

# REAPERTURA DA BIBLIOTECA

Está previsto que as bibliotecas abran de novo ó público o día 11 de maio na FASE 1 da desescalada.

Non está previsto que se permita o servizo de lectura en sala ata a seguinte fase, posto que todo material que se manipule deberá poñerse en corentena para evitar o risco de contaxio.

O horario será continuado de 10:30 a 13:30 h. Recomendable chamar por teléfono xa que o aforo é limitado.

Para garantir a seguridade tanto do persoal da biblioteca coma das persoas usuarias da mesma, adoptáronse varias medidas:

## As persoas que acudan á biblioteca deben ter en conta:

- O aforo limitouse: na FASE 1 só 1 persoa cada vez e só para préstamo e devolución (posible modificación por publicación de normativas específicas)
- Recomendase cita telefónica (teléfono 982430546) e así o material solicitado xa estará preparado para cando cheguen recollelo.
- Agardarán quenda para entrar
- O acceso á biblioteca farase con máscara e, de ser posible, con luvas.
- A porta permanecerá aberta para evitar tocala coas mans e o edificio permanecerá ventilado en todo momento, así que non se debe pechar ó saír
- Restrínxese o acceso ós inodoros porque non se pode garantir a súa limpeza e desinfección despois de cada uso, aínda que os lavabos si que estarán dispoñibles con xabón e toallas de papel

## Para facer os préstamos e devolucións deberán:

- Traer o carné da biblioteca
- Traer todos os libros xuntos, preferentemente nunha bolsa
- Manter a distancia mínima de seguridade recomendada (2 metros) tanto mentras agardan coma cando son atendidas
- Levar os libros na bolsa na que se entreguen e desinfectar o seu exterior ó chegar á casa (por posible contaminación por contacto despois de saír da biblioteca)
- Todas as devolucións serán postas en corentena un mínimo de 14 días (non se poderá levar un libro que acaba de ser devolto)

Estas medidas iranse adaptando á publicación de novas normativas ditadas polas autoridades competentes en materia de Sanidade e Bibliotecas.

## Os libros serán postos 14 días de corentena por:

*Non hai medios de desinfección que garantan que non se deteriorenen os libros, posto que uns requiren mollalos, e outros non garanten que accedan ás partes interiores dos mesmos, polo que a medida que se demostra máis efectiva é non actuar sobre eles e mantelos en corentena.*

*Polo que respecta á corentena, hai discrepancias entre diferentes estudos sobre a permanencia do virus no papel, desde 72 horas a 14 días. Varias asociacións profesionais, tanto internacionais coma españolas, optaron pola opción máis duradeira por unha maior precaución, e salvo que a nivel galego se establezan outras pautas, na nosa biblioteca adoptaremos a opción máis precavida.*

***De momento está previsto que na FASE 2 da volta á normalidade se permita a lectura en sala.***